

A vexetación de Galicia

A vexetación característica de Galicia é o **bosque atlántico**. Nel atopamos castiñeiros, bidueiros e ameneiros aínda que a árbore máis representativa do bosque atlántico é o **carballo**. As **matogueiras** deste bosque están formadas por feitos, breixos, toxos e xestas. O carballo podemos atopalo en bosques case exclusivos del (**carballeiras**) ou mesturado con outras árbores, dando lugar a unha **fraga**.

En termos xerais podemos distinguir dous grandes zonas de vexetación en Galicia

* **Zona de vexetación de serras** .Nas serras máis altas a vexetación natural está mellor conservada . Aquí podemos ver bosques de piñeiro silvestre, castiñeiro e rebolo. Os **soutos** , que son bosques de castiñeiros .

podemos atopalos nos vales do Sil e do Miño . **A devesa** é tamén característica desta zona , esencialmente é un bosque mixto composto de faias e doutras árbores . No monte baixo destas zonas atópanse breixos, xestas loucas e piornos.

*** Zona de vexetación transformada.** A acción do home modificou intensamente a vexetación natural de moitas zonas e de diferentes maneiras . Bosques transformados en prados e leiras . Bosques autóctonos foron substituídos por especies máis rendibles economicamente como o é o piñeiro e o eucalipto. Aínda así nesta zona este tipo de vexetación altermase con pequenas formacións de bosques autóctonos como as carballeiras

A vexetación de montaña

É característico das zonas de montaña a ubicación da vexetación en diferentes niveis de altura . Así por exemplo , nas Serras Centrais , no nivel dos 300

metros están as arandeiras , pasados os 500 metros vemos os carballos , a partir dos 1000 metros é o cerqueiro , e o bidueiro aparece xa no nivel dos 1500 metros

Zonas de vexetación de Galicia



A vexetación de Galicia

Árbores e follas

bidueiro

castelán	inglés	francés
abedul	birch	bouleau



Clasificación científica

Reino: Plantae
División: Magnoliophyta
Clase: Magnoliopsida
Orde: Fagales
Familia: Betulaceae
Xénero: *Betula*
Especie: *B. pubescens*

Nome binomial

Betula pubescens

castiñeiro

castelán	inglés	francés
castaño	chestnut tree	<u>châtaignier</u>



Clasificación científica

Reino:	Plantae
División:	Magnoliophyta
<u>Clase:</u>	Magnoliopsida
Orde:	Fagales
Familia:	Fagaceae
Xénero:	<i>Castanea</i>
Especie:	<i>C. sativa</i>

Nome binomial

Castanea sativa

ameneiro

castelán	inglés	francés
aliso	alder-tree	aune



Clasificación científica
Reino: Plantae
Filo: Magnoliophyta
Clase: Magnoliopsida
Orde: Fagales
Familia: Betulaceae
Xénero: <i>Alnus</i>
Nome científico
<i>Alnus glutinosa</i>

faia

castelán	inglés	francés
haya	beech-tree	hêtre



Clasificación científica	
Reino:	Plantae
División:	Magnoliophyta
Clase:	Magnoliopsida
Orde:	Fagales
Familia:	Fagaceae
Xénero:	<i>Fagus</i>
Nome científico	
<i>Fagus sylvatica</i>	

carballo

castelán	inglés	francés
roble	oak tree	rouvre



Clasificación científica	
Reino:	Plantae
Filo:	Magnoliophyta
Clase:	Magnoliopsida
Orde:	Fagales
Familia:	Fagaceae
Xénero:	<i>Quercus</i>
Nome científico	
<i>Quercus robur</i>	

Arbustos e outras plantas

toxo

castelán	inglés	francés
tojo	gorse	ajonc



Clasificación científica

Reino: Plantae
División: Magnoliophyta
Clase: Magnoliopsida
Orde: Fabales
Familia: Fabaceae
Xénero: *Ulex*

Nome científico

Ulex europaeus

feito

castelán	inglés	francés
helecho	fern	fougères



Clasificación científica

Reino: Plantae
División: Pteridophyta

Nome científico

Pteridophyta

xesta

castelán	inglés	francés
retama	broom	genêt



Clasificación científica
Reino: Plantae
División: Magnoliophyta
Clase: Magnoliopsida
Orde: Fabales
Familia: Fabaceae
Xénero: <i>Cytisus</i>
Nome científico
<i>Cytisus scoparius</i>

piorno

castelán	inglés	francés
piorno	Spanish broom	genêt purgatif



Clasificación científica
Reino: Plantae
División: Magnoliophyta
Clase: Magnoliopsida
Familia: Fabaceae
Xénero.: <i>Cytisus</i>
Nome científico
<i>Cytisus purgans</i>

breixo

castelán	inglés	francés
brezo	heather	bruyère



Clasificación científica	
Reino:	Plantae
División:	Magnoliophyta
Clase:	Magnoliopsida
Orde:	Ericales
<u>X</u> énero:	<i>Calluna</i>
Nome científico	
<i>Calluna vulgaris</i>	